



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-CC / 2017

Expediente: 2017000006040

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017-ÁREA DE CIENCIAS DURANTE O ANO 2017

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.**

A Resolución de Presidencia nº 25981 do 22/08/2017 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2017- Área de ciencias, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que con data 30/08/2017 ZENYDIA MARÍN RODRÍGUEZ, presenta renuncia á bolsa propónse a adxudicación á primeira suplente MARÍA SÁNCHEZ FLORES.

Asemade, despois de quedar deserta unha bolsa na área de planificación sociolingüística da lingua galega por falta de suplentes, e sendo a área de ciencias a de maior número de solicitudes en relación ao número de bolsas asignadas, así como tamén a de maior número de suplentes, propónse a adxudicación da bolsa deserta á suplente segunda MARTA ESPERANZA LLERA.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Aceptar a renuncia presentada por ZENYDIA MARÍN RODRÍGUEZ

2.-Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 40.000,00€.

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220170008128, importe:32.000,00€, e documento contable RC con número de operación: 220170031171, da citada aplicación orzamentaria, a nivel de vinculación xurídica, por importe de 8.000,00 €.

4.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos.

### ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	AGUSTÍN RICO DÍAZ	
NIF	47374725S	8.000,00€
Expediente	2017000010359	
Obxecto	Mellora do rendemento de produción dos prebióticos GOS mediante modificación de enzimas fúnxicas e optimización do proceso de síntese a partir de lactosoro.	

Persoa beneficiaria	MARÍA SÁNCHEZ FLORES	
NIF	47350943S	8.000,00€
Expediente	2017000010160	
Obxecto	Estudio de la posible relación entre el síndrome de fragilidad y biomarcadores genómicos, de estrés oxidativo y daño y reparación en el ADN en una población de mayores de 65 años	
Persoa beneficiaria	MARÍA VERÓNICA PREGO FARALDO	
NIF	47378017H	8.000,00€
Expediente	2017000010125	
Obxecto	IDENTIFICACIÓN MEDIANTE RNAseq DE XENES IMPLICADOS NA RESPOSTA TEMPERÁ DO MEXILLÓN <i>Mytilus galloprovincialis</i> A BIOTOXINAS MARIÑAS DSP	
Persoa beneficiaria	MARTA ESPERANZA LLERA	
NIF	46918344T	8.000,00€
Expediente	2017000009969	
Obxecto	Microalgas como modelo biológico para el estudio de los mecanismos involucrados en la acción tóxica de diferentes tipos de contaminantes emergentes.	
Persoa beneficiaria	TANIA GARCÍA LAMAS	
NIF	53304270E	8.000,00€
Expediente	2017000010576	
Obxecto	Aplicación de un extracto de <i>Cystoseira baccata</i> como fitosanitario para la protección de los pimientos de Herbón y de Couto frente a <i>Phytophthora capsici</i> y <i>Verticillium dahliae</i>	

Total concedido

40.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.